

O RETRATO INÉDITO DA MONTAÑA ▶ Como non sabía que era imposible, fíxoo. Maruja Roca retratou os primeiros becerregos que quixeron unha foto de carné ou un recordo da familia. Pero alén dun xeito de completar unha economía escasa, a súa Kodak permitiulle espremer o talento e documentar a realidade da época.

A fotógrafa, revelada

DE NORTE A SUR

POR
NIEVES NEIRA



NINGUÉN SABE como chegou unha cámara de fotos ás mans de Maruja Roca no Becerreá de comezos dos 40, igual que ata hoxe eran poucas as persoas que sabían que a comarca da Montaña contara coa súa propia fotógrafa. Son moitas as dobradas da historia, sobre todo cando se pregan no vestido dunha muller. Esas dobradas reúnen hoxe apenas 50 fotografías, que o seu fillo, Suso López Roca, ensina coma un dos seus máis prezados tesouros. Con razón. Cómpre só botar un ollo á selección destas páxinas para decatarse do seu valor. Sen embargo, Maruja Roca chegou a facer centos de instantáneas. Moitas delas desapareceron, e outras estarán en mans de todas aquelas persoas que precisaron por primeira vez unha foto de carné, ou que quixeron un recordo da familia. Delas, dos seus fillos —talvez— ou dos seus netos —o máis probable—.

Maruja Roca naceu en Baralla no ano 1912, irmá dos outros seis fillos de Antonio Roca e Manuela Calvo, a familia que rexentaba o café Roca na mesma localidade. Aló polos anos 40 foi casar a Becerreá, e dende entón viviu na casa de Donato, unha casa «con moito nome, pero onde non entraba un peso», di agora o seu fillo. Os cartos que o seu marido ingresaba arranxando bicicletas non daban para alimentar aos tres pequenos do matrimonio, e Maruja aproveitouse desa Kodak que, non se sabe como, chegara ás súas mans. Pero esa, talvez, non sexa a pregunta —sendo como era o café Roca un lugar de paso—, e si estoutra: como aprendeu a revelar as oito fotos das que se compuña un carrete? A saber cantos litros da fonte eran precisos para as lavar

e que non oxidasen? Ou incluso outra, outra que non pertence ao dominio do técnico, senón ao do posible: como sabía que unha muller podía ser fotógrafa cando esta profesión apenas flexionaba en feminino? Quen sabe se, na procesión do Corpus do 1924, os seus ollos de doce anos foron dar con aquela outra muller a quen a Hispanic Society de Nova York encargara documentar a vida cotiá galega, Ruth Matilda Anderson? Quen sabe se a tiña como referente? Ou se, pola contra, eses camiños só se cruzan neste texto, coma rastros de traxectorias nun ceo que ousamos ler?

Non cabe dúbida de que a presenza de Ruth Matilda Anderson na comarca debeu ser sonada, e facer eco no balbordo do café Roca, como tamén a do etnógrafo alemán Walter Ebeling, o outro fotógrafo que nos anos trinta pasaría un tempo en Becerreá. «Sóame o do fotógrafo alemán», indica hoxe Suso López Roca, como único rastro desas presenzas extraordinarias. Na vida cotiá, a vila apenas se miraba no espello da fotografía co 'Foto Minuto' —o avó do fotomatón—. Na realidade eran case quince, pero aínda así poucos para aqueles tempos máis lentos, e para aqueles días, os de festa, cando os fotógrafos de Lugo se achegaban á vila. Maruja tiña que tratar con eles, encargarlles papel ou químicos de revelado, que daquela viñan en pó e había que axitalos ata as maniotas mentres desprendían un cheiro «terrible», segundo recorda Suso. Sen embargo, fotógrafa, en Becerreá, só había unha, e era Maruja.

ESCENARIOS A MAN E A DESMÁN. Se cadra por ser muller as festas non eran a súa especialidade; os seus escenarios estaban próximos da casa, e só facía dentro dela as fotos de carné. O laboratorio era unha habitación escura, entre o corredor e a sala, que a todos os primos metía medo. Non ao seu

seus pasos. Coma quen non quere a cousa, comezou facendo fotos a quen llas pedía, e máis tarde deuse conta de que ese era un xeito coma calquera outro de ingresar uns cartos. Así viñeron as vodas, bautizos e comuñóns por toda a comarca. Tamén unha corresponsalía de prensa en Becerreá, compaxinada con outros cinco traballos. «Tiven oportunidade de facer fotos moi curiosas, pero non tiven o ollo da miña nai», indica.

Porén, hai fotos súas que de-



Unha imaxe de estudio Así se presentou ela

Maruja Roca foi unha das fillas da familia que rexentou o café Roca en Baralla. Esta foto pertence a esa época, antes de marchar a Becerreá.

fillo. Para Suso, aos seus cinco anos, traballar non significaba traballar, se era nese cuarto «cheo de palanganas». «A ela viñalle ben que eu axudara, e a min encantábame. Era unha cousa máxica ver como saían as imaxes», di.

A fotografía non só captaba a realidade, senón que tiña o poder de transformala: o foco era un caldeiro de cinc furado polo medio; a ampliadora, un proxector de diapositivas comprado nun rastro.

Suso recorda o día en que, anos despois, atopou ducias de fotos defectuosas de carné. A súa nai mandáballe queimar os negativos. De celuloide inflamable, «ardían coma se fose gasolina». Agora lembra con mágoa aqueles rostros da montaña que xa non existen, que xa non hai celuloide que os garde, aquelas fotografías extraviadas que xa só na memoria adquiriron valor.

Sen embargo, Maruja Roca non tirou todas. Gardou as que considerou, sen equivocarse, fotos artísticas, fotos polas que nunca lle deron un peso, e que aínda con falta de cartos, teimaba en facer. Ás veces chegaban a ela. Xitanos, mendigos, traballadores ambulantes: Manolín das aguilladas, o carboeiro, o vendedor de leña. Cando a realidade non chamaba á porta da casa, era ela a que ía en busca da fantasía, e camiñaba quilómetros para fotografar os seus fillos disfrazados. Os Ancares eran entón paisaxe nómada para dous pequeniños xitanos, e China estaba a dous quilómetros, onde as pólas esguías dun pexegueiro. Para Suso, esas viaxes a pé, disfrazado, cun cartón por gorro, un bigote pintado, e unha colmea de abellas que ía facer de mesa, eran longuísimas. «A min non me gustaba nada iso dos disfraces, andar vestíndome e desvestíndome. Aquilo si que era un traballo.

Para facer algunhas tivemos que camiñar varios quilómetros», conta. Que forza facía que Maruja, en plena posguerra, inventase escenarios para eles, tan lonxe da realidade? Quen quería a realidade de naquel tempo?

O talento podería responder, en parte. Maruja tiña talento para a fotografía. A fotografía, sen embargo, non durou moito. O marido morreu aos tres anos de montar o taller mecánico que lles daría máis folgos. Maruja tivo que cambiar as fotos pola confección, que daba máis cartos, anque menos satisfacción. «Recordo a miña nai chorando debandando a lá», relata Suso. A palabra afección apenas existía, e aínda de pronunciarse, nin tempo quedaba para ela despois da costura. Efectivamente, as fotografías ficaron ocultas polas dobradas da historia.

DE NAI A FILLO. Sen embargo, nesa techedura en que Suso era tamén experto, algo se prendera. Non eran os nós, que facían reiniciar o traballo. Era unha paixón. O pequeno que agora levaba as teas en bicicleta dun sitio a outro aprendera, sen querer, a facer fotografías. «Comecei a facer fotos de carné aos amigos, cando o necesitaban. Pero, cando casei, vin que podía gañar algúns cartos con iso», conta. O arquivo de Suso López Roca debe ser dos domésticos máis importantes da zona. O seu miolo son as cincuenta fotos 'artísticas' de Maruja. Á súa volta, os centos de fotos súas. Aínda outra capa, coas fotos dos veciños que ano tras ano foi compilando. Máis lonxe, no íntimo, aquelas que se perderon, ou as que só a memoria revelou. Suso conserva aquela primeira Kodak de clixés de 6x9 que un día decidiu caer en mans de quen, talvez, podía facer mellor uso dela. Era unha muller. Talvez a única fotógrafa da comarca dos Ancares e das poucas que ollaron Galicia cunha cámara nos anos 40. Chamábase Maruja Roca.

Un carrete sen fin O neno que creceu facendo fotografías

O primeiro recordo de Suso López Roca está a carón da súa nai, entre as palanganas que ategaban o laboratorio caseiro. Aprender a revelar e crecer foron a mesma cousa para el. Dos tres fillos de Maruja Roca —catro, cunha que morreu ao nacer—, foi el quen seguiría os

seus pasos. Coma quen non quere a cousa, comezou facendo fotos a quen llas pedía, e máis tarde deuse conta de que ese era un xeito coma calquera outro de ingresar uns cartos. Así viñeron as vodas, bautizos e comuñóns por toda a comarca. Tamén unha corresponsalía de prensa en Becerreá, compaxinada con outros cinco traballos. «Tiven oportunidade de facer fotos moi curiosas, pero non tiven o ollo da miña nai», indica.

Porén, hai fotos súas que de-



mostran o contrario, que atestan un mirar que soubo pararse ante o que merecía unha pausa e atinar no disparo da cámara.

A montaxe da realidade

A realidade, ás veces, é tan eloquente coma nos escenarios creados por Maruja Roca. No centro de Becerreá, nos anos 70, Suso López soubo captar o efecto máxico dun macho que parece estar enchendo o seu depósito de gasolina. Esa é só unha das centos de fotos que fixo.



O tesouro insólito
Álbum comarcal

As preto de 50 fotos que Maruja Roca conservou, inéditas até agora, divíden-se en imaxes familiares e fotografías de carácter etno-gráfico. Sobre estas liñas, os seus fillos «cos primeiros vaqueiros que se viron en Becerreá, un agasallo duns amigos dos pais», conta Suso López. A seu carón, dúas xitanas vindas do sur de España e Manolín das aguilladas, un ambulante. No centro, os pequenos disfrazados de xitanos no barrio de Valicedo. Abaixo, de esquerda a dereita: un vagabundo, un vendedor de leña e o carboeiro, «que facía carbón no monte e o viña vender á vila, e que na foto se sitúa na estrada que estaban picando naquel momento, que ía ir de Becerreá a Quiroga, pero que nunca se chegou a rematar», indica.

